

Fingoy, 14 novembro 1965

Sr. Don Ramón Otero Pedrayo
Ourense

Meu grande e querido Otero: Veño de regresar de Madrid, onde tiveren que consumir moitos días co gallo da reanudación dos cursillos pra profesores encargados de curso de Institutos (hoxe adxuntos), encetados fai trinta anos e interrompidos pola guerra civil. Como naqueles días da miña mocidade, volví a sacar bola, a ser encerrado, a leer públicamente os meus exercicios. Rematamos o 9, e ise mesmo día saín pra Lugo, e o 11 pra Santiago, sen saber, como non o sei agora, a decisión tomada polo Tribunal. Se son admitido, intentaréi que dunha forma ou doutra me destinen a Santiago, cidade á que teño que tender, inda que polo de agora reparto a miña vida entre Santiago e Lugo, como Fernando Esquío, o meu paisán.

Teño o seu regalo do Discurso feixonián de Santander, regalo precioso, que, o mesmo que a gasalleira adicatoria, agradézolle na alma.

Tamén soupen que se interesou vostede por cándos comenzaban as miñas cáas na Universidade. Comezaron sen ningunha cerimonia, o que era moi comenente. Foi vostede demasiado amable ao se preocupar polo asunto. Non sum dignus. Vanse desenvolvendo normalmente.

Ando, craro está, moi atafegado con iste viaxar cotío, e as miñas novas obrigas. A viaxe a Madrid foi outra perturbación. Agardemos que me sexa posibre pór un pouco de orde nista vida itineraria.

Lembranças de Maria pra v~~os~~ostedes, ~~mas~~ pra Fita, e a admiración e o
cariño pra o grande mestre de Galicia do seu humilde discípulo e afer-
voadado amigo,

J. Castiella Calvo

L

N

E

P